

RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2022 pola que se nomea o tribunal de selección de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico

Unha vez convocado proceso selectivo para a provisión temporal mediante contrato laboral de dous efectivos para desenvolver as avaliacións de técnicas, tecnoloxías ou procedementos asignados á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde polo Pleno do Consello da RedETS, pola resolución do 24 de agosto de 2022, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 170, do 7 de setembro de 2022, vistos o artigo 59 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, o artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, e a restante normativa aplicable, e de acordo co artigo 11 do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia; en uso das facultades conferidas polo antedito *Decreto 112/2015, do 31 de xullo*, e de conformidade co establecido nas bases de dita convocatoria, esta xerencia

RESOLVE

Nomear o tribunal, titular e suplente, que deberá facer a selección das dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico, recollidas na mencionada convocatoria.

Dito tribunal ten a seguinte composición:

Tribunal titular:

Presidencia: Pilar Morgade Saavedra, Directora da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria, persoal funcionario do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Secretaría: María Isabel Barros Pena, Xefa do Servizo de Xestión, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Vogal: Elías Vázquez Iglesias, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.



Tribunal suplente:

Presidencia: Mario Mosquera Vereá, Director da Área de Xestión do Coñecemento e o Talento, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Secretaría: Cristina Pérez Feás, Xefa do Servizo de Docencia, persoal funcionario facultativo superior de saúde pública e administración sanitaria, subgrupo A1.

Vogal: María José Faraldo Vallés, Xefa de Servizo da Unidade de Asesoramento Científico-técnico, persoal funcionario facultativo superior, subgrupo A1.

A este tribunal resúltanlle de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 24 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao amparo do artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

